

Os Bolechas[®]

PEPE CARREIRO



**RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES
E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ**



bolanda

Os Bolechas[®]

PEPE CARREIRO

guías



**RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES
E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ**



Entra na nosa web e faite do club!


Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

www.osbolechas.gal

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso **teléfono** **902 18 20 10**



A casa dos Bolechas



1 Cuarto de mamá e papá Bolechas

2 Cuarto dos Bolechas

3 Balcón interior

4 Cociña

5 Sala de estar

6 Comedor

7 Corredor

8 Cuarto de baño

9 Entrada

os bolechasTM
PEPE CARREIRO

guías

**RESERVA DA BIOSFERA
OS ANCARES LUCENSES
E MONTES DE CERVANTES,
NAVIA E BECERREÁ**

As pallozas

As pallozas son as casas tradicionais dos Ancares. Xa as facían hai miles de anos. Son vivendas ovaladas ou redondas, feitas de pedra e cubertas de palla. Teñen incluso cortes no seu interior, para ovellas e porcos. Non entra nelas nin unha migalla de frío! Son as mellores casas para pasar o inverno.



Os Bolechas chegan á casa de Dumia, unha veciña dos Ancares de Cervantes, amiga súa, que os convidou a pasar uns días con ela e co seu gato Ardevila. Tamén viñeron Faquís de Navia de Suarna, coa súa cadela Ventosa, e mais Sevane de Becerreá, co seu can Guilfrei.

–Benvidos á Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses! –berra Dumia, pimpante e acompañada polos ouveos dos cans e as miadelas do seu gato.

–Auuuuuuuu, auuuuuuu!

–Miau, miau!



As ouriceiras


As ouriceiras son construcións onde se botan os ourizos das castañas para que sequen. Vanse botando, segundo se van apañando no soto. Despois cóbrense de follas e déixanse a secar varios meses. As ouriceiras protexen as castañas dos porcos bravos, que son moi lambóns.



Os pais de Dumia cociñaron na palloza un xantar típico dos Ancares para os convidados: un succulento cocido con lacón, chourizos e orellas.

–E sabedes que hai de sobremesa? Castañas con mel! As castañas tróuxoas Faquís da súa ouriceira e o mel é do cortín de Sevane –explica Dumia.


–Si, ho! Tiven que berrarlle a un oso para que marchase do noso cortín e poder coller o mel. Os osos son moi lambóns –di Sevane.



A lenda da doniña cervá

Esta é unha das moitas lendas que contan polos Ancares. Fala dunha moza que se perdeu no monte. O irmán foi buscala, pero só atopou unha cervá á que lle cortou unha pata. Ao chegar a casa, a pata converteuse na man da

moza, que o irmán recoñeceu polo anel que levaba.



Despois de xantaren, Dumia leva os seus hóspedes de paseo polas rutas da Reserva da Biosfera, e cóntalles lendas de mozas que se converteron en cervas por encantamento. Faquí e Sevane coñécenas ben, porque son lendas dos Ancares Lucenses. A da cervá do castelo de Doiras é estarrecedora. Aos Bolechas danlles arrepíos cando a escoitan.

Mentres os outros seguen coa lería, Braulio ve pasar unha rapariga polo camiño e fica pampo. Namorouse de golpe! Quedou fulminado!



Fauna dos Ancares

Nos Ancares viven moitos animais: aves, mamíferos, réptiles, anfibios, insectos... Entre outros veciños, andan estes: burros, perdices, pardelas, osos, donicelas, lobos, armiños, corzos, raposos, teixugos, lagartos, sapos, troitas... Uf! Un mundo deles!



Braulio vai atrás da nena para falar con ela. Quererá dicirlle se quere ser a súa moza ou calquera cousa desas que din os namorados. Pero, no canto da nena, ve unha cervá. A rapariga desapareceu. Igual se converteu en cervá por encantamento, como pasa nas lendas.

–Es ti unha nena que pasou polo camiño hai un minuto? –pregúntalle Braulio.

A cervá non fala. Terá vergonza. Pero Braulio está seguro de que é a nena encantada.



O castro de Santa María de Cervantes

Os castros foron as primeiras aldeas de Galicia. O de Santa María está na parroquia do Castro, no concello de Cervantes. Ten case dous mil anos. Aínda podemos ver os muros das casas e imaxinar que somos os seus habitantes.




–Ei! Esta cervo está encantada. Hai un minuto era unha nena e agora é unha cervo. Converteuse de golpe! –berra Braulio, emocionado.

Unha nena convertida en cervo? Seguro que si. Ninguén o dubida. Se pasa nas lendas, pode pasar de verdade. Ademais, os cans non paran de ouvear e o gato de miañar, sinal de que algo estraño pasou.

–Un amigo meu, de Navia de Suarna, converteuse en xabarín –di Faquís.


–E unha amiga miña, de Becerreá, converteuse en mosca –retruca Sevane.



As rutas de sendeirismo

Na nosa Reserva da Biosfera hai moitas rutas de sendeirismo. Camiñando por elas vemos a paisaxe, os bosques, os ríos e algún coello que cruza ás veces os carreiros.

Hai moitas rutas: a da Serra do Calamouco, a das Calizas, a dos Tres Bispos, a do Corno Maldito, a de Piornedo, a do Mustallas, a da Garganta de Rao, a dos Castros...



Braulio conta que se namorou da rapariga no momento de vela no camiño. E di que quere desencatala para vela outra vez, pero non sabe como se fai.

–Pois é moi fácil. Só tes que bicar a cerva para que volva ser unha nena. Como fan nos contos para desencatar sapos que antes eran príncipes –di Sonia, que sabe moito de amores e de feitizos.

–Claro! Nos contos, a moza dálle un bico a un sapo encantado e volve ser príncipe no momento –berran todos.



O soto da Agüeira e o bosque dos Grobos

Un soto é un terreo poboado de castiñeiros. No da Agüeira hainos que teñen centos de anos. Son os tataravós dos castiñeiros! Está nas aldeas de Agüeira, Cormes e mais Morcelle. E o bosque dos Grobos ten pedras rarísimas que parecen encantadas. Son lugares máxicos!



Para desencantar a nena, o bico ten que dálo o namorado, segundo aconsella Sonia. Así que é Braulio quen ten que bicar a cervas. Pero non é fácil, porque as cervas non se deixan bicar.

–Ei, espera! Non fuxas! So che quero dar un bico –berra Braulio.

–O xabaril no que se converteu o meu amigo de Navia de Suarna tampouco se deixaba bicar –di o Faquís.

–E a miña amiga mosca de Becerreá tampouco –retruca Sevane.



O castelo de Doiras

O castelo de Doiras está na parroquia de Vilarello, no concello de Cervantes. É da Idade Media. Construírono para defender o Camiño de Santiago, pois seica andaban moitos bandoleiros a asaltar os peregrinos. Neste castelo sucede a lenda da doniña cervá.



A cervá desapareceu, pero os cans uliscan o seu rastro polo castelo de Doiras. Igual se agachou alí.

–A ver se é a doniña cervá? –pensa Dumia.

–A doniña cervá? Á que o irmán lle cortou unha pata e se converteu na man da moza? –Tatexan todos, arrepiados.

Uf! Verdadeiramente, se é a doniña cervá, é estarrecedor!

–Non, non... A doniña cervá non pode ser. Porque é branca e esta é marrón.



Os osos

Os osos pardos están en perigo de extinción. Nos bosques dos Ancares atopan refuxio, porque non hai xente nin coches que os molesten. Os cortines son construcións circulares onde se gardan as colmeas, para protexer o mel dos osos. Facíanse antigamente, cando había osos como coellos.



No castelo non atoparon a cervaa. Por alí andou, pero fuxiría. Os cans seguen agora os seu rastro por outros lugares. Pero, no canto da cervaa, dan cun oso enorme.

–Eu non lles teño medo aos osos. Estou afeitaa a velos no meu cortín coméndonos o mel, porque son uns lambóns. Pero este é grande coma un dinosauro –di Sevane.

–Aínda son ben máis gordos os xabarís de Navia de Suarna –exaxera o Faquís.



A ponte de Gatín

A ponte atravesa o río Navia. Por ela pasaba a vía romana que unía Braga con Astorga. Quen sabe cantos lexionarios a atravesaron! Está na parroquia de San Remixio de Liber, no concello de Becerreá.



A cervaa apareceu! Uns por un lado, outros por outro, conseguiron rodeala para que non fuxa.

–Bícaa, antes de que escape, Braulio –bérranlle todos.

Mais Braulio no parece moi disposto a bicala.

–Ten babuxa no fociño. Puag!

–Bícaa, Braulio! Se non a bicas, non volve ser nena –porfíanlle.

Braulio pecha os ollos e dálle, por fin, un bico á cervaa.



O río Navia

O río Navia é o máis importante da nosa Reserva da Biosfera. Ten áreas recreativas para bañarse e para pescar: a do Cochoso, a da Proba ou a das Uriceiras. Tamén se fai sendeirismo polas súas beiras.

O Ser e o Rao son afluentes del.



A cervca desapareceu outra vez. Debe ser que, para se transformar na nena que era, necesita agacharse.

–Quen será? Será unha veciña miña de Cervantes? –pregúntase Dumia.

–Igal é unha veciña miña de Navia de Suarna –di Faquís.

–Ou unha veciña miña de Becerreá –continúa Sevane.

–Ou unha excursionista inglesa, que veu pasear polos Ancares –ponse Carlos.

Braulio está emocionadísimo.



Os bosques dos Ancares

Nos bosques dos Ancares hai unha gran variedade de árbores: carballos, rebolos, castiñeiros, aciñeiras, xardóns... Os animais viven moi a gusto neles, porque os protexen, danlles froitos, acubillo, sombra, fresco... Son

como a
súa
casa.



A nena desenfeitizouse! Volve ser a que era. O bico de Braulio funcionou igual que nos contos. Tiña razón Sonia.

–É a miña amiga Donís, a de Vilarello! –berra Dumia, entusiasmada.

–Si, é Donís! –berran Faquís e Sevane, que tamén a coñecen.

A nena parece un pouco confusa. Pero é normal. Pasou de cervá a rapariga nun minuto.

–Si, son Dumia de Vilarello, claro, como sempre. Que pasa? –di ela, tan pancha.



A ponte da Proba

A ponte da Proba está na parroquia da Proba de Navia, en Navia de Suarna. É da Idade Media, aínda que hai quen di que xa existía na época dos romanos. Na Proba celébrase a **Festa da Troita** o venres de Semana Santa. Na festa cocían troitas para a xente. Están riquísimas! Tamén se celebra un concurso de pesca.



–Entón ti non eras a cervia encantada que bicou Braulio? –pregúntanlle Pili e Loli a Donís.

–Unha cervia encantada? Non, ho! Eu sempre fun unha nena.

De súpeto, aparece tamén a cervia e desfaise a confusión. Foi todo unha zarangallada do maxín. Ofuscáronse contando lendas de cervas encantadas.

Braulio viu unha cervia e pensou que era a nena, que a enfeitizaran de golpe. Pero a nena marchara por outro camiño a buscar cogomelos, por iso desapareceu.



A Festa da Pandeira

Nos Ancares chámalle pandeira a unha especie de pandeireta. A Festa da Pandeira celébrase en Piornedo no mes de agosto.

A Festa da Androlla

A androlla faise co intestino goso do porco recheo de ósos, costela e carne picada, adubada e secada ao lume.

A festa celébrase en Navia de Suarna no mes de febreiro.




Despois da aventura, van todos merendar androllas que traen os pais de Dumia.

–Oe, Dumia, gústanme máis as androllas que o salchichón! –di Carlos, que é tolo polos embutidos.

E coa boca chea póñense a cantar e a tocar cadanseu instrumento: cacharros, tixolas, culleres, peneiras... todo vale! Parece que están na festa da Pandeira.

Os Bolechas seica van alongar as súas vacacións nos Ancares. Non hai lugar coma el! E aínda non o viron todo!





A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses

As Reservas da Biosfera son territorios onde se conserva **a natureza**, **a maneira de vivir da xente** e a súa **cultura**. Estas son algunhas das cousas que protexe a nosa Reserva:



Os Ancares



O aciñeiral de Cruzul e o souto de Agüeira



As aves que andan polo noso territorio



Os osos, aínda que ás veces papen o mel




Os prados onde pacen as vacas



Os soutos, as castañas e as ouriceiras



O mel das abellas e os cortines



O río Navia e os seus afluentes



As pallozas



Os Bolechas, Faquís e Sevane dormen na palloza de Dumia. Igual soñan coa cervo encantada! Ou coas androllas! Nos Ancares Lucenses hai moito que soñar!